

O noso colexio

Denominación oficial: *CEIP Illa Verde*

Código do centro: *27016728*


Provincia: *LUGO*

Enderezo: *Roi Xordo, nº 2 27002 Lugo*

Teléfonos de contacto:

- Dirección: *982 828 143*
- Secretaría/XE : *982 828 144*
- Orientación: *982 828 147*
- Anexo Infantil: *982 828 145*
- Fax: *982 828 146*

E-mail: *ceip.illaverde@edu.xunta.es*




illaVerde

CEIP LUGO

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillaverde/>



1.- Zona de escolarización	2
I. Niveis Educativos.....	2
II. Proposta educativa.....	3
III. Historia do colexio.....	3
IV. Proxecto Educativo.....	4
V. Organización xeral.....	4
VI. Outros servizos.....	5
VII. Equipos docentes e órganos colexiados.	5
VIII. Centro asociado.....	6
IX. Horario escolar.....	6
X. Entradas e saídas	6
XI. Calendario escolar	7
XII. ANPA.....	7
XIII. Normas de convivencia / Programación xeral anual.....	8
XIV. Procedemento de admisión alumnado. Curso 2020/2021.....	9
XV. Normativa que regula o procedemento de admisión.....	9
XVI. Prazo de presentación de solicitudes	9
XVII. Nota informativa sobre o proceso.....	10
XVIII. Solicitud de admisión curso 2020/2021	11
XIX. Criterios de prioridade de admisión de alumnado	12
XX. Formalización da matrícula.....	15
XXI. Información ás familias do alumnado que obtivo praza en 3 anos	15



1.- Zona de escolarización

I. Niveis Educativos

- ♦ O CEIP Illa Verde é un centro público que imparte ensino dende o 2º ciclo de Educación Infantil ata a Educación Primaria (dende 3 a 12 anos).
- ♦ É un centro de liña 2, o que significa que temos dúas aulas en cada nivel, aínda que nun curso de primaria actualmente están funcionando 3 unidades .



- ♦ *Educación Infantil (EI): De 3 a 6 anos. 4º, 5º e 6º de EI, en seis aulas.*
- ♦ *Educación Primaria (EP): de 6 a 12 anos. (1º a 6º de EP, 13 aulas)*

ii. Proposta educativa

- ♦ *O noso centro está adscrito ao IES Sanxillao*
- ♦ *Tódolos anos se realizan colaboracións coa facultade de formación do profesorado, este ano:*

· *Practicum I, II e III coa USC e Practicum III coa U. Vigo*

- ♦ *Este curso participamos en cursos e seminarios do Plan de Formación Permanente do Profesorado:*

- ♦ *Participamos no programa EDIXGAL*

- ♦ *Dende o curso 2017/18 participamos no Plan de Mellora de Biblioteca Escolares*

- ♦ *Dende hai máis de dez anos vimos participando co alumnado de Infantil na actividade organizada polo concello de Lugo "Horto escolar"*

- ♦ *O novo marco curricular do sistema educativo galego trata de garantir que o alumnado adquira non só coñecementos curriculares senón, tamén, que acaden as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social. Para isto faise necesario utilizar estratexias metodolóxicas activas, recursos que o alumnado identifique como motivadores e próximos á súa realidade tecnolóxica e un enfoque interdisciplinar da aprendizaxe.*

iii. Historia do colexio

O C.E.I.P. "ILLA VERDE" está situado na zona sur da cidade de Lugo, no barrio de FINGOI. Naceu ao abrigo dun polígono de vivendas sociais, construídas na década dos 70. Empezou a funcionar, según datos que obran no centro, en setembro do 1983.

Nun principio escolarizaba a alumnos procedentes do propio polígono, xunto cuns poucos de diversas zonas da cidade. Hoxe en día, o seu alumnado é, maioritariamente, da súa zona de influencia. Nos últimos anos, a súa capacidade faise insuficiente para acoller a todo o alumnado da zona que solicita praza nel.

Está adscrito ao IES SANXILAO, se ben o alumnado non sempre opta por este Instituto posiblemente pola súa ubicación xeográfica respecto ao domicilio das familias.



IV. *Proxecto Educativo*

- ♦ *É o documento que establece os valores e a liña definitoria do tipo, estilo e modelo de educación que se imparte neste centro.*
- ♦ *No noso proxecto educativo recolleamos como características ideolóxicas do noso centro as seguintes (o documento completo pódese consultar en secretaría).*
- ♦ *Participativa, democrática e pluralista, para que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante un diálogo permanente.*
- ♦ *Crítica e comprometida na defensa dos máis débiles, rexeitando a inxustiza, as desigualdades, a fame, a guerra, o deterioro do medio, etc. , e que fomente a amizade, o respecto, a solidariedade, a paz, ...*
- ♦ *Activa, creativa e investigadora que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias dos nenos e nenas, dentro e fóra do ámbito escolar, superando o ensino memorístico e repetitivo.*
- ♦ *Unha escola que fomente o traballo en equipo, que favoreza a ensinanza entre iguais.*
- ♦ *Que forme as alumnas e alumnos no dominio das habilidades instrumentais básicas: comprensión, expresión, lectura e cálculo.*
- ♦ *Comprometida coa realidade e cultura galega.*
- ♦ *Que capacite ao alumnado nas dúas linguas cooficiais da Comunidade.*

Queremos que a escola siga sendo: - Un espazo para todos - Un lugar para medrar - Un lugar para crear - Un lugar onde cada un/unha encontre o seu sitio.

Conceptos que definen o noso PROXECTO cos que no seu día conmemoramos os 25 anos do Centro e que queremos manter vivente.

V. *Organización xeral*

- ♦ *O funcionamento do centro está regulado pola Programación Xeral Anual, as Normas de Organización e Funcionamento/Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Convivencia (estes documentos poden visualizarse na páxina web).*
- ♦ *A participación de todos os estamentos da Comunidade Educativa realízase a través do Consello Escolar.*
- ♦ *No Proxecto Educativo recóllense os obxectivos a conseguir así como os medios e actividades para alcanzalos.*
- ♦ *Control diario das ausencias do alumnado e información das mesmas a través da app Abalarmovil*
- ♦ *Os alumnos/as durante o horario lectivo non poden saír do centro sen a previa autorización dos seus responsables legais. É obrigatorio asinar en*



conserxería a solicitude para sacar @ nen@ durante o período lectivo.

VI. Outros servizos

- ♦ Programa de gratuidade solidaria para a adquisición de libros de texto e préstamo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- ♦ Departamento de Orientación.
- ♦ Mestres de apoio en Audición e linguaxe (2) e Pedagogía Terapéutica (2)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Magosto. Nadal. Día da Paz. Entroido. Día da árbore.

Día do Libro. Letras Galegas. Actividades lúdico-deportivas.

Plan de mellora da Biblioteca.. Visitas de estudos.

Exposicións. Acts de fin de curso,etc.

Este ano tódolos cursos a partir de 4 anos farán alomenos unha saída por trimestre.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Están organizadas pola ANPA, tedes información no taboleiro de anuncios da ANPA, no local da asociación e na súa páxina web (ver apdo XII).

O concello de Lugo colabora con algunhas actividades.

VII. *Equípos docentes e órganos colexiados.*

- ♦ *Consello Escolar*
 - *Este órgano colexiado que analiza e avalía o funcionamento xeral do centro está composto por representantes de toda a comunidade educativa: Profesorado, Persoal de Administración e Servizos, Pais e Nais, ANPA e Concello de Lugo.*
- ♦ *Claustro do Profesorado*
 - *Órgano fundamental na vida escolar, traballando comprometidamente por un ensino de calidade.*
- ♦ *Comisión de Coordinación Pedagóxica*
 - *Fomentando e avaliando todas as actividades e proxectos do centro.*
- ♦ *Equípos Docentes*
 - *Coordinando as diversas áreas, mantendo actualizada a metodoloxía didáctica e organizando e desenvolvendo o ensino propio de cada nivel.*



- ♦ *Equipo Directivo*
 - *Adecuando a estrutura organizativa para favorecer a consecución dos obxectivos.*

VIII. *Centro asociado*

- ♦ *Rede de Escolas Asociadas á UNESCO.*

IX. *Horario escolar*

A xornada diaria de atención ao alumnado será a seguinte:

O CEIP Illa Verde funciona con horario continuado de 9:00 a 14:00h adicando as tardes do martes a titorías e reunións.

OUTROS SERVIZOS

- ♦ *De 7:30 h. a 9:00 h.: Almorzo e proxecto educativo (Escola aberta), Concello de Lugo.*
- ♦ *Comedor Escolar: 14:00 a 16:00 h. (Escola aberta) Concello de Lugo.*
- ♦ *De 9:00 h. a 14:00 h.: Xornada lectiva atendida polo profesorado do centro*
- ♦ *De 14:00 h. a 16:00 h.: Atención de comedor escolar (Escola aberta), Concello de Lugo.*
- ♦ *De 16:00 h. a 18:00 h.: Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA.*
- ♦ *No mes de setembro o horario do alumnado de 4º de Educación Infantil varía en función do período de adaptación.*

X. *Entradas e saídas*

- *Edificio anexo*
- ♦ *A hora de entrada será ás 9:00 horas.*
- ♦ *A saída realizarase de forma gradual entre as 13:50 e as 14:00 h., co fin de facilitar a identificación das persoas responsables que acoden a recoller a este alumnado.*



- *Edificio principal*

- ♦ *O alumnado de primaria entrará ás 9:00 horas polas portas de acceso respectivas, primeiro entra o alumnado de primaria (9:00h) e unha vez entre este pasará o alumnado de Infantil, entre as 9:05 e as 9:10h. (ata o momento da entrada o alumnado e os pais/nais que o desexen poderán agardar dentro do patio, no momento en que soe o timbre de entrada o alumnado de primaria formará as filas correspondentes a cada curso e o profesorado indicarálles cando poden pasar. Unha vez entre o alumnado de primaria as nais/pais do alumnado de infantil levarán aos nenos ata a aula respectiva.*
- ♦ *A saída realizarase de forma gradual entre as 13:50 e as 14:00 h. co fin de facilitar a identificación das persoas responsables que acoden a recoller a este alumnado (o alumnado de Infantil sae antes, o alumnado de primaria sae ao soar o timbre das 14:00h).*
- ♦ *As portas, tanto no edificio principal coma no anexo pécharanse as 9:10, se un alumn@ chega máis tarde desa hora, ou se alguén ven a recoller ao seu fillo antes do remate das clases, deberá de dirixirse á conserxe (no edificio principal), cubrir o modelo de xustificación e será a conserxe quen achegue ou vaia a buscar ao nen@ á aula.*

XI. Calendario escolar

- ♦ *O calendario escolar para o curso estará publicado na páxina web do centro e nos taboleiros de anuncios, puntualizar que a maiores das datas de festivos que aparecen a primeiros de curso publicados haberá un festivo máis a elección do centro e autorizado pola Consellería acordado, durante o mes de setembro, entre os centros educativos de infantil e primaria da cidade.*

A Consellería acostuma a publicar o calendario escolar a mediados de maio. A partir desa data publicáremolo adaptado ao centro na nosa web.

XII. ANPA

- ♦ *A Asociación de Nais e Pais de Alumnos colabora estreitamente co Centro orientando ás familias.*
- ♦ *Facilitar a representación dos pais/nais no Consello Escolar.*





- *Xestión de servizos.*
- *Ao longo do curso escolar desenvolve unha intensa labor destacando:*
- *Organización de actividades.*
- *Convocar as Asembleas.*
- *Mantemento do Blog da Asociación.*
- *Colaborar coas actividades do centro.*
- *O seu enderezo postal é RÚA ROI XORDO, nº 2, 27002 LUGO.*
- *O seu correo electrónico: anpaillaverde@gmail.com.*
- *O seu enderezo web: illaverde.blogspot.com.es*

XIII. *Normas de convivencia / Programación xeral anual*

- *Os dous documentos anteriores pódense atopar na web do colexio.*

“O primeiro día “real” que acoden as nenas e os nenos á escola vén precedido, xa, por unha pequena grande historia: a historia das expectativas, ansiedades, desexos e incertezas do ámbito familiar e dos pais e nais en particular, que pensaron e repensaron, sos e “acompañados”, a elección do mellor centro para a mellor educación posible para as súas fillas/os e fillos. Esta historia previa xera a atmosfera na que as criaturas se verán envoltas os meses, semanas e especialmente os días previos ao seu encontro coa escola. Axudaría a familias, nenos e nenas unha orientación previa e suficiente para o devandito encontro.”



xiv. PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2021/22

Información ao alumnado e ás familias segundo establece o artigo 13 da Orde que regula o procedemento de admisión:

xv. NORMATIVA QUE REGULA O PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017)
- Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG 22/12/2020)

Postos escolares ofertados (Pendente de aprobación definitiva, antes do 1 de marzo, pola Comisión de Escolarización de Lugo)

CURSO	VACANTES	VACANTES NEAE
4º Educación Infantil	50	6*
5º Educación Infantil	0	
6º Educación Infantil	1	
1º Educación Primaria	0	
2º Educación Primaria	0	
3º Educación Primaria	0	
4º Educación Primaria	9	
5º Educación Primaria	0	
6º Educación Primaria	0	

* As 6 prazas para alumnado con NEAE están incluídas dentro das 50 vacantes. No caso de non cubrirse con alumnado con NEAE cubriranse con alumnado sen NEAE.

xvi. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1 ao 22 de marzo

NOTA INFORMATIVA SOBRE O PROCESO

A TER EN CONTA

- **Só se pode presentar 1 solicitude de admisión.** Se presentan máis dunha solicitude será unha infracción e perderán a posible prioridade que poida corresponderlles.
- Se o alumnado con dereito a permanencia (alumnado xa matriculado no Illa Verde) fai unha solicitude de admisión noutro centro **teno que comunicar ao mesmo tempo no centro de orixe** (entregando unha copia da solicitude presentada).
- Se o alumnado (6º primaria) realiza unha solicitude de reserva de praza no centro de adscrición **e decide presentar unha solicitude de admisión noutro centro deberá comunicar a renuncia** á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.

3- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDO E NON ADMITIDOS

Antes do 25 de abril.

4- RECLAMACIÓN Á LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

5 días hábiles dende o día seguinte á publicación da listaxe provisional dirixida ao Consello Escolar.

5- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

Antes do 15 de maio.

6- RECLAMACIÓN Á LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO E NON ADMITIDOS

Recurso de alzada anta a xefa territorial no prazo de 1 mes dende o día seguinte á publicación.

7- PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

20 ao 30 de xuño.

*As familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática admisionalumnado (<https://edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código da solicitude e ou número do DNI da persoa solicitante.

- Se o solicitante escolle a notificación electrónica como medio de notificación preferente, a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura, Educación e O.U. notificaralle os actos e trámites do proceso de admisión a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ <https://notifica.xunta.gal>

XVII. SOLICITUDE DE ADMISIÓN CURSO 2021/2022

1- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

Prazo de presentación de solicitudes: 1 ao 22 de marzo

Para facer a solicitude empregarán o modelo normalizado anexo II que poden atopar na secretaría do centro, na web da Consellería, na aplicación admisionalumnado (<http://edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude de admisión irá dirixida á dirección do centro que elixiron como primeira opción e poderá presentarse:

- A través da aplicación admisionalumnado.
- No centro que elixiron como primeira opción.

Coa solicitude de admisión hai que presentar a seguinte documentación:

- Documento que acredite a idade d@ alumn@: DNI ou Libro de Familia (copia e orixinal para o cotexo).
- O alumnado que xa está escolarizado no momento da solicitude terá que presentar certificado de matrícula do centro de procedencia.
- No caso de separación ou divorcio a solicitude deberá estar asinada polos dous proxenitores, agás casos de violencia de xénero ou perda da patria potestade, e deberán presentar o convenio regulador ou a resolución xudicial de divorcio ou separación.
- No caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade á Consellería de Educación terán que entregar copia do DNI do pai e da nai d@ alumn@.

BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

No caso de que as solicitudes de admisión presentadas sexa superior ao de prazas ofertadas o centro procederá á baremación do criterios alegados nas solicitudes.

Prazo de presentación de documentación xustificativa dos criterios alegados na solicitude da admisión para o baremo, se é o caso:

- **10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión (25 de marzo ao 9 de abril, ambos incluídos).**
- No caso de non presentar a documentación xustificativa do criterio alegado o baremo será cero.
- Hai que presentar copias e orixinais para o cotexo.

XVIII. CRITERIOS DE PRIORIDADE DE ADMISIÓN DE ALUMNOS

Decreto 254/2012 (26 de decembro / Orde do 12/03/2013 (DOG do 15) / ORDE do 25 de xaneiro de 2017

Se unha vez adxudicados os postos escolares ao alumnado que teña garantía de permanencia ou que goce de prioridade por proceder de centro adscrito, o número de solicitudes é superior ao de postos dispoñibles, aplicaranse os seguintes criterios para establecer unha orde de prioridade

1	• Existencia de irmáns no centro (Illa Verde ou Sanxillao no curso para o que solicita)	
	Irmán matriculado no centro	8
	2º e seguintes irmáns matriculados no centro	2
	Xemelgos, sempre que soliciten o mesmo centro e domicilio na área de influencia	8
2	• Pai, nai ou titor legal traballador do centro	3
3	• Proximidade do domicilio familiar ao centro	
	Domicilio familiar na área de influencia do centro	6
	Domicilio familiar nas áreas limítrofes	3
	Domicilio familiar noutras áreas	0
4	• Proximidade do lugar de traballo ao centro (non acumulable ao domicilio)	
	Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área de influencia	4
	Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área limítrofe	2
	Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal noutras áreas	0
5	• Renda anual PER CÁPITA da unidade familiar	
	Ingresos inferiores ao 0,5 veces ao IPREM	3
	Ingresos igual ou superiores ao 0,5 e inferior ao 0,75 veces ao IPREM	2
	Ingresos igual ou superiores ao 0,75 e inferior ao IPREM	1
	Ingresos igual ou superiores ao IPREM	0



6	<ul style="list-style-type: none"> • Por condición de familia numerosa 	
	De categoría especial	3
	De categoría xeral	2
7	<ul style="list-style-type: none"> • Por condición de familia monoparental 	2
8	<ul style="list-style-type: none"> • Discapacidade (igual ou superior ao 33%) 	
	No/a alumno/a	4
	No pai, nai ou titor legal	3
	Nos irmáns do alumno/a	1
9	<ul style="list-style-type: none"> • Criterio complementario do centro 	
	Solicitar só centros públicos	1

Criterios de DESEMPATE ... A maior puntuación en cada criterio, atendendo á orde no que se atopan. De persistir o empate irase ás letras do primeiro apelido e ao do 2º apelido Estas letras obtidas en sorteo público poderán consultarse na web <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

A reserva de praza no centro adscrito terá carácter vinculante, cando haxa prazas suficientes.

Se se presenta unha solicitude de admisión a outro centro estando vinculado por reserva perderase o **dereito á prioridade** igual que a duplicidade de solicitudes de admisión.

IPREM ano 2019 **6.454,03** € en cómputo anual.

Irmáns matriculados no centro:

Copia completa do Libro de Familia. Só se teñen en conta os irmáns que sigan escolarizados no centro no curso 2021/22.

Proximidade do centro escolar ao domicilio familiar:

Certificado de empadramento. Ten que estar expedido no ano 2021 e teñen que figurar todos o membros da unidade familiar que convivan no domicilio.

A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima de 1 ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente acreditadas.

O domicilio fiscal dos interesados será consultado automaticamente. No caso de que os interesados se opoñan á **consulta automática**¹ terán que achegar documento que acredite o domicilio fiscal.

De non coincidir o domicilio familiar e o fiscal deberán presentar documentación complementaria (art. 22.4 da Orde do 12 de marzo de 2013).

¹ A consulta automática pódese autorizar na solicitude

Proximidade do centro ao lugar de traballo (non domicilio familiar): Non acumulable co domicilio familiar

Traballador por conta allea: Documento expedido polo empregador cunha copia do contrato de traballo.

Traballador por conta propia: Alta ante a Axencia Estatal da Admón. Tributaria e modificación posteriores e altas ante a T.X da Seguridade Social.

Traballador da Admón.: certificación da xefatura de persoal correspondente.

Renda da unidade familiar:

No caso de que os interesados se opoñan á **consulta automática**¹ deberán achegar os documentos que acrediten a renda.

Exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude de admisión, é dicir, a renda do exercicio fiscal 2019.

Sumar as casiñas da base imponible xeral e da base imponible do aforro (435+460) e dividir o resultado entre o nº de membros da unidade familiar.

IPREM 2018: 6454,03 €

Familia numerosa

No caso de que os interesados se opoñan á **consulta automática**¹ deberán achegar copia do título oficial en vigor ou carné familiar galego expedido pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

Familia monoparental:

Certificado de recoñecemento da D.X de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.

Discapacidade (Igual ou superior ao 33 % do alumn@, dos pais ou irmáns) No caso de que os interesados se opoñan á **consulta automática**² deberán achegar certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou outra administración competente.

* Excepcionalmente, no caso de que a administración ou o centro educativo non poidan obter os datos que os interesados autorizaron a consultar de xeito automático, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

² A consulta automática pódese autorizar na solicitude

Critério complementario do CEIP Illa VERDE

***Criterio complementario aprobado polo CEIP Illa Verde:** 1 punto ao solicitar só centros públicos. A acreditación deste criterio farase de oficio polo centro empregando a propia solicitude de admisión.

XIX. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Prazo para formalizar a matrícula: 20 ao 30 de xuño

Documentación a presentar polas familias do alumnado admitido no centro:

Documento de formalización da matrícula. Segundo o anexo III da Orde que regula o procedemento de admisión.

Impreso de recollida de datos xerais. Solicítase que cubran o impreso con letra clara en todos os apartados.

Opción sobre o ensino da Relixión.

Opción sobre a primeira Lingua Estranxeira.

(As familias do alumnado admitido pasarán pola secretaría do centro uns días antes do inicio do prazo de matrícula para recoller os documentos necesarios para formalizar a matrícula).

Copia do boletín de vacinas d@alumn@.

Copia da tarxeta sanitaria d@alumn@.

Copia do Libro de Familia (só as familias que non entregaron a copia do Libro de Familia en marzo).

Copias do DNI do pai e da nai (só as familias que non entregaron as copias dos DNI en marzo).

Seis fotografías actuais tamaño carné d@alumn@.

XX. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO QUE OBTIVO PRAZA EN 3 ANOS

Se a situación da pandemia o permite, a finais do mes de xuño terá lugar unha reunión do equipo directivo e as futuras titoras de 3 anos (no suposto de que se coñeza cales van a ser) coas familias do novo alumnado. Nesta reunión trataranse os seguintes asuntos:

Recomendacións cara o verán

Período de adaptación

A data e a hora desta reunión será comunicada ás familias con antelación suficiente.



PROCESO ESCOLARIZACIÓN CURSO 2021-2022- CALENDARIO

XANEIRO-2021							FEBREIRO-2021							MARZO-2021							ABRIL-2021							MAIO-2021						
L	M	X	V	S	D		L	M	X	V	S	D		L	M	X	V	S	D		L	M	X	V	S	D		L	M	X	V	S	D	
			1	2	3		1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4							
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31					26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30